
# *Datura stramonium* L., 1753

- estramonio, figueira tola/do inferno, herba do demo/dos mortos
- estramonio, matatopos, higuera del infierno, manzana del diablo
- 
- estramon
- stramonium
- estramónio, trombeta do diabo



**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

Sen avaliar

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Solanales** | **Solanaceae** | ***Datura*** |

## ORIXE

América.

## CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo. Rolda o 1,5 m de altura. Raíz pivotante e profunda. Talo erecto, ramificado e herbáceo. Follas grandes, alternas, simples, dentadas e ásperas ao tacto, de cor verde escura. Flores solitarias, grandes e con forma de campá ou trompeta, de cor branca ou violeta pálido. Ten numerosos estames e pistilo central longo. Floración na primavera-verán. Froito en forma de cápsula espiñosa que contén pequenas sementes de cor marrón ou negra.

## HÁBITAT

Frecuente en solos alterados, cultivos abandonados, bordos de camiños e vertedoiros. Soporta solos secos e perturbados sempre que sexan ricos en nutrientes. Adaptada a climas temperados e mediterráneos.

## DISTRIBUCIÓN

Nativa de América do Norte. Introducida en Europa, Asia e outras partes do mundo como especie ornamental. Invasora en Galicia, atópase en estado de control.

## CURIOSIDADES

Especialmente as sementes e as follas son tóxicas, con propiedades alucinóxenas. Empregada en medicina tradicional para tratar dores ou espasmos. Uso tamén en rituais chamánicos.